


REGULAMENTO:

IV TORNEO 48 HORAS DE BALONMÁN

BASES E NORMAS:

- **INSTALACIÓN:** os encontros disputaranse no Pavillón Municipal de O Gatañal.
- **DATA:** 2, 3, e 4 de Xullo.
- **PRAZO DE INSCRIPCIÓN:** dende o Luns 7 de Xuño ata ás 21:00 horas do **Martes 29 de Xuño**.
- **CUOTA DE INSCRIPCIÓN:** **75 € por equipo**. Para que un equipo quede formalmente inscrito no torneo deberá entregar cuberta a folla de inscrición e **aboar a cuantía de inscrición antes da data fixada**.
- **DESTINATARIOS:** Toda persoa nada no ano **1995** ou anterior, que lle guste practicar deporte dunha maneira sana e divertida
- **EQUIPOS:**
 - Tódolos xogadores/as deberán vestir uniformidade común, como mínimo na cor da camiseta.
 - Non é obrigatorio levar número nas camisetas, aínda que se recomenda.
 - Número de xogadores/as: un máximo de 14 e un mínimo **de 7**, dos cales só un máximo de 5 xogadores terán Licencia Federativa da tempada 2009/2010. Quedan absentos/as desta norma as mulleres e os xogadores/as da categoría cadete.
- **PREMIOS:** A organización concederá trofeos o Campión e subcampión do torneo, así coma unha cea para **16 persoas como máximo o equipo gañador**.
- **ARBITRAXES:** serán dirixidos por árbitros federados postos pola organización.
- **MESA DE ANOTACIÓN:** **CADA EQUIPO TEN A OBRIGACIÓN DE TER UN REPRESENTANTE, NO ENCONTRO PREVIO O QUE VAI DISPUTAR, QUE SE ENCARGUE DA ANOTACIÓN. DE NON SER ASÍ, SE LLE DESCONTARÁN 3 PTOS.**
- **Os xogadores/as deberán usar calzado adecuado para pistas de parquet.**
- **A organización reservase o dereito de participación de tódolos xogadores que se presenten na folla de inscrición.**
- A organización reservase o dereito de descalificar ou sancionar a calquera xogador/a e/ou equipo que utilicen xogadores/as que non esten registrados, den información falsa ou teñan condutas antideportivas hacia os árbitros, xogadores/as ou membros da organización.




REGULAMENTO:

IV TORNEO 48 HORAS DE BALONMÁN

- A organización non se fai cargo dos danos materiais, morais ou persoais sufridos polos participantes durante a disputa do torneo.
- Para o bo desenrolo da competición solicítase a maior colaboración por parte dos equipos.

REGULAMENTO FORMAL DE XOGO:

- FASE PREVIA: realizarase un sorteo para a designación dos grupos, os cales xogarán polo sistema de liguilla a unha volta. **O número de grupos dependerá dos equipos anotados.**
- 2ª FASE: ***Xogaránse Oitavos, cuartos, semifinais e final, polo tanto o número de equipos clasificados variará segundo os equipos inscritos,*** os cales xogarán eliminatorias a un só partido, ata designar o gañador do IV Torneo 48 horas de balonmán.
- Os encontros xogaranse a 2 periodos de 15 minutos a tempo corrido (o que quere decir, que o tempo non se parará salvo casos excepcionais nos que o árbitro o estime oportuno). O descanso entre os 2 periodos terá unha duración máxima de 5 minutos.
- Os equipos terán 5 minutos como tempo máximo de quencemento en pista antes da disputa do seu encontro, que poderase acurtar no case de que se acumule retraso.
- Cada equipo dispondrá dun tempo morto por periodo, tendo unha duración de 1 minuto.
- O número de cambios é ilimitado, **pero sempre respetando o regulamento EHF.**
- **A puntuación na fase previa será a seguinte: Partido Gañado: 3 ptos, Partido empatado 2 ptos, Partido Perdido: 1 pto. Partido non presentado: -1 ptos.**
- **De non presentarse ningún representante dun equipo que se faga cargo do marcador, o equipo será sancionado coa perda de 3 puntos.**
- No caso de producirse nun grupo un empate a puntos o remate da fase previa, este desfarase seguindo estes criterios: 1º.- Resultado do enfrontamento directo. De persistir o empate, 2º.- Mellor diferenza de goles. 3º.- Maior número de goles a favor.
- **No caso de producirse un empate na 2ª fase este desfarase dende a tanda de penaltis.**
- **Os equipos poderán dar altas ou baixas nas súas alinacións antes do comezo do último encontro da fase previa.**
- Se nalgún equipo participa un xogador/a que non conste na folla de inscrición, automaticamente darase por perdido o encontro o equipo infractor, co resultado de 0-10.



REGULAMENTO: IV TORNEO 48 HORAS DE BALONMÁN

- En relación a todo o non establecido nesta normativa, aplicarase o regulamento de partidos e competicións da R.F.E.BM.

SANCIÓNS:

- Os retrasos para a disputa dos encontros, penalizaranse da seguinte maneira:
 - 5 minutos: continúa o partido cunha golaveraxe en contra 0-5.
 - 10 minutos: perda do encontro por un resultado en contra de 0-10
- Un xogador poderá ser expulsado do torneo por conductas antideportivas, desprecios ou insultos os árbitros, xogadores ou membros da organización.
- As reiteradas protestas hacia os árbitros, poderanse sancionar coa perda do encontro si o árbitro o considera oportuno, e inclusive coa expulsión do torneo.